

Convocatoria da Sesión Ordinaria do Pleno Municipal para o 30 de abril de 2018 (PLENO 4/2018)

Conforme ó ordenado pola Alcaldía, e de acordo co previsto no art. 113.1 e 2 do R.D. 2568/1986, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á **sesión Ordinaria do Pleno** que terá lugar no Sala de sesións do concello de Carballo o **día 30 de abril 2018 ás 20:30 horas**, en primeira convocatoria, e, de non haber "quórum" suficiente, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora.

Así mesmo infórmase que a copia do borrador da Acta da sesión anterior foille remitida en formato PDF ó enderezo electrónico que consta na copia da notificación da convocatoria. Do mesmo xeito, comunícase que a partir desta data está a súa disposición, nesta Secretaría Xeral, a documentación dos asuntos que se inclúen na Orde do Día da presente convocatoria.

Sesión de: Pleno

Data da sesión: 30 de abril de 2018

Convocatoria: Sesión 4/2018

Hora: 20:30 h.

1.- Acta da sesión anterior (26/03/2018). Aprobación.

2.- Bonificación do 95% no Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) edificación de carácter industrial destinada a taller reparación automóviles no Polígono Industrial de Bértoa, Parcela C-23. Concesión. (CIFECRIC de 24/04/2018).

3.- Bonificación do 60% no Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) edificación destinada a oficinas e almacén en empresa de construción no Polígono Industrial de Bértoa, Parcela G-4. Concesión. (CIFECRIC de 24/04/2018).

4.- Bonificación do 95% no Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) edificación de carácter industrial destinada a taller de mecanizados no Polígono Industrial de Bértoa, Parcelas D13, D14 e D15. Concesión. (CIFECRIC de 24/04/2018).

5.- Modificación presupostaria. Expediente de suplemento de crédito nº 1/2018. Aprobación. (CIFECRIC de 24/04/2018).

6.- Conta de recadación do concello de Carballo, exercicio 2017. Aprobación. (CIFECRIC de 24/04/2018).

7.- Estudio de detalle no Parque Empresarial de Bértoa, rúa Madeira, parcela E4.1E3. Aprobación definitiva. (CIPUM de 24/04/2018).

8.- Moción conxunta dos grupos municipais de PP, TEGA e PSdeG, rexistro de entrada nº 3360/2018 de 18 de abril, solicitando que se manteña o ancho da vía de Sistema Xeral da Vila de Negreira á Igrexa de Bértoa. (CIPUM de 24/04/2018).

9.- Moción conxunta dos grupos municipais de PP, TEGA e PSdeG, rexistro de entrada nº 3361/2018 de 18 de abril, solicitando que se corrixa as deficiencias de funcionamento dos bolardos situados na rúa Desiderio Varela. (CIPUM de 24/04/2018).

10.- Moción conxunta dos grupos municipais de PP, TEGA e PSdeG, rexistro de entrada nº 3362/2018 de 18 de abril, solicitando que se convoque a Comisión de Urbanismo, se

informe das Modificacións Puntuais do PXOM e dos criterios que se seguiron para realizalas. (CIPUM de 24/04/2018).

11.- Seguimento de órganos de goberno:

11.1.- Aprobación da liquidación do orzamento do Concello de Carballo de 2017.

11.2.- Informe de Intervención e Tesourería do cumprimento da Lei 15/2010 do 5 de xullo, que modifica a lei 3/2004 do 29 de decembro, de medidas contra a morosidade, relativo ao primeiro trimestre de 2018. Toma de coñecemento.

11.3.- Resolucións da Alcaldía.

11.4.- Acordos da Xunta de Goberno Local

11.5.- Rogos e preguntas

En proba da recepción da convocatoria e a orde do día, no seu caso, sírvase asinar a presente.

Documento asinado dixitalmente, en Carballo, na data que figura ao marxe.

O Secretario
D. José Villán Fuertes